



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín, en sesión ordinaria celebrada o 16.12.2025 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2025, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 2 de febreiro de 2026.- O alcalde-presidente, José María López Rancaño.

R. 1462

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín, en sesión extraordinaria celebrada o 20.02.2026 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2025, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 14 de maio de 2026.- O alcalde-presidente, José María López Rancaño.

R. 1463

CASTRO DE REI

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI

A Corporación Municipal do Concello de Castro de Rei (Lugo) na sesión plenaria extraordinaria do 28 de maio de 2026, aprobou inicialmente a rectificación do Inventario de bens municipais do Concello de Castro de Rei, mediante a inclusión do vial en NR-165 O Pozo, na parroquia de Pacios.

O expediente sométese ao trámite de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mencionado prazo poderanse presentar cantas reclamacións, alegacións ou suxestións se consideren oportunas, que serán resoltas pola Corporación Municipal.

De non se presentaren reclamacións, alegacións ou suxestións durante o mencionado prazo o acordo de aprobación inicial de rectificación do inventario entenderase definitivamente adoptado sen necesidade de novo acordo expreso.

Castro de Rei, 2 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1464

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTRO DE REI

A Corporación Municipal do Concello de Castro de Rei (Lugo) na sesión plenaria extraordinaria do 28 de maio de 2026, aprobou inicialmente a rectificación do Inventario de bens municipais do Concello de Castro de Rei, mediante a baixa do camiño con referencia catastral 27010A220090220000PI e do paso de auga ou ponte inventariado como P2076 que se atopa sobre o vial 12_1461.

O expediente sométese ao trámite de información pública durante o prazo de vinte días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante o mencionado prazo poderanse presentar cantas reclamacións, alegacións ou suxestións se consideren oportunas, que serán resoltas pola Corporación Municipal. De non se presentaren reclamacións, alegacións ou suxestións durante o mencionado prazo o acordo de aprobación inicial de rectificación do inventario entenderase definitivamente adoptado sen necesidade de novo acordo expreso.

Castro de Rei, 2 de xuño de 2026.- O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1465

A FONSAGRADA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE SEIS PEÓNS, DOUS PEÓNS-CONDUTORES, DOUS XEFES DE BRIGADA E TRES CONDUTORES DE MOTOBOMBA

Por acordo da Xunta de Goberno do Concello da Fonsagrada de 04 de xuño de 2026 aprobáronse as bases de selección para a contratación temporal de: seis peóns, dous peóns condutores, dous xefes de brigada e tres condutores de motobomba, en virtude do Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello da Fonsagrada para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2026, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.

Tipo de contrato: Contrato laboral temporal

Duración: 3 meses

Sistema selectivo: Concurso - oposición

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste anuncio no BOP. Se o último día coincidise en inhábil o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web do Concello da Fonsagrada (www.afonsagrada.org).

A Fonsagrada, 4 de xuño de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1499

LÁNCARA

Anuncio

De conformidade co decreto de 1 de xuño de 2026 faise pública a convocatoria para selección de persoal laboral temporal para a execución do proxecto Obradoiro Dual de Emprego "Os Soutos II" en agrupación de concellos Láncara, Paradela e Samos, do que é promotor o concello de Láncara:

- 1 monitores docentes
- 1 docente de educación compensatoria a media xornada.

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na sede electrónica do Concello de Láncara na seguinte dirección <https://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación.

Láncara, 2 de xuño de 2026.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 1466

MURAS

Anuncio

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario/suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2026 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2022 prorrogado para o ano 2026, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

| CAPIT. | | CRÉDITOS INICIAIS | ALTA | BAIXA | CRÉDITOS DEFINITIVOS |
|--------|------------------------------------|---------------------|------------|-------|----------------------|
| | OPERACIÓNS CORRENTES | | | | |
| 1 | Gastos de persoal | 593.520,27 | | | 593.520,27 |
| 2 | Gastos bens correntes e servizos | 1.072,548,54 | 145.423,34 | | 1.217.971,88 |
| 3 | Gastos financeiros | 3.000,00 | | | 3.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 7.000,00 | | | 7.000,00 |
| 5 | Fondo contingencias | 5.000 | | | 5.000,00 |
| | Total operacións correntes | 1.678.068,81 | | | 1.823.492,15 |
| | OPERACIÓNS DE CAPITAL | | | | |
| 6 | Investimentos reais | 0,00 | 122.806,95 | | 122.806,95 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 | | | 0,00 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 | | | 0,00 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 | | | 0,00 |
| | Total operacións de capital | 0,00 | | | 122.806,95 |
| | TOTAL | 1.678.068,81 | | | 1.946.299,10 |

INGRESOS

| CAPIT. | | CRÉDITOS INICIAIS | ALTA | BAIXA | CRÉDITOS DEFINITIVOS |
|--------|--|---------------------|------------|-------|----------------------|
| | OPERACIÓNS CORRENTES | | | | |
| 1 | Impuestos directos | 1.131.500,00 | | | 1.131.500,00 |
| 2 | Impuestos indirectos | 6.500,00 | | | 6.500,00 |
| 3 | Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 123.300,00 | | | 123.300,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 585.405,00 | | | 585.405,00 |
| 5 | Ingresos patrimoniais | 500,00 | | | 500,00 |
| | Total operacións correntes | 1.847.205,00 | | | 1.847.205,00 |
| | OPERACIÓNS DE CAPITAL | | | | |
| 6 | Enaxenación inversións reais | 0,00 | | | 0,00 |
| 7 | Transferencias de capital | 0,00 | | | 0,00 |
| 8 | Activos financeiros | 0,00 | 268.230,29 | | 268.230,29 |
| 9 | Pasivos financeiros | 0,00 | | | 0,00 |
| | Total operacións de capital | 0,00 | | | 268.230,29 |
| | TOTAL | 1.847.205,00 | | | 2.115.435,29 |

Muras, 1 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1467

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS ANO 2026.

Por Resolución desta Alcaldía 2026-0231 de data 1 de xuño de 2026, aprobáronse as bases que rexerán a selección de 3 Peóns de Brigada e 1 Peón Conductor para a constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano 2026.

As ditas bases están a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Muras, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Muras, 2 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1468

Anuncio

CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS ANO 2026.

Por Resolución desta Alcaldía 2026-0230 de data 1 de xuño de 2026, aprobáronse as bases que rexerán a selección de 1 Xefe/a de Brigada para constitución no municipio dunha Brigada de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais para este ano 2026.

As ditas bases están a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello de Muras, sendo o prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Muras, 2 de xuño de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1469

VIVEIRO

Anuncio

Formulada la Cuenta General del Presupuesto de este Ayuntamiento correspondiente al ejercicio 2025 y dictaminada por la Comisión Especial de Cuentas en sesión celebrada el día 29 de mayo de 2026, se expone al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados legítimos puedan examinarlas y formular por escrito los reparos y observaciones que estimen pertinentes durante el plazo indicado, de conformidad con lo preceptuado en el artículo 212.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Viveiro, 2 de junio de 2026.- La alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1470

Anuncio

Polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada en data 8 de abril de 2026, acordouse iniciar o procedemento de investigación de oficio de viais en Borralleiros parroquia de Vieiro, Viveiro (Lugo) inventariados cos números de orde:

391 en todo o seu trazado.

454, no trazado dende a última edificación, parcela con referencia catastral 001300600PJ13C0002FH ata o remate do mesmo, despois da súa unión co 391, tramo obxecto de discusión.

Este acordo de inicio de expediente de investigación expónse ó público por un período de 15 días, concedendo aos afectados polo expediente de investigación coñecidos, titulares catastrais das parcelas colindantes co referido vial un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Viveiro, 1 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1471

Anuncio

Polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada en data 8 de abril de 2026, acordouse iniciar o procedemento de investigación de oficio de vial en Borralleiros parroquia de Vieiro, Viveiro (Lugo) inventariado co número de orde 446, en todo o seu trazado.

Este acordo de inicio de expediente de investigación exponse ó público por un período de 15 días, concedendo aos afectados polo expediente de investigación coñecidos, titulares catastrais das parcelas colindantes co referido vial un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Viveiro, 1 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1472

Anuncio

Polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada en data 8 de abril de 2026, acordouse iniciar o procedemento de investigación de oficio de vial no lugar de Hermosende parroquia de Galdo, Viveiro (Lugo) inventariado co número de orde 878, en todo o seu trazado.

Este acordo de inicio de expediente de investigación exponse ó público por un período de 15 días, concedendo aos afectados polo expediente de investigación coñecidos, titulares catastrais das parcelas colindantes co referido vial un prazo de alegacións de un mes (contado dende o día seguinte ó que deba darse por rematada a publicación dos anuncios), segundo o disposto no artigo 50 do RBCL.

Viveiro, 1 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1473
